

**ALGUNHAS ESPECIES COROLOXICAMENTE INTERESANTES  
ATOPADAS EN GALICIA**  
por  
**O.REQUEJO\***

REQUEJO, O. 2007. Algunhas especies coroloxicamente interesantes atopadas en Galicia. *Mykes* 10: 39-44.

**RESUMO:**

Preséntanse tres *taxa* do xénero *Ramaria* con carácter corolóxico interesante e unha completa descrición do *Laurobasidium lauri* (Brot.: Fr.) Jülich.

**Palabras clave:** *Basidiomycota*, *Laurobasidium*, *Ramaria*, Galicia, coroloxía.

REQUEJO, O. 2007. Some species with chorological relevance found in Galicia. *Mykes* 10: 39-44.

**SUMMARY:**

Three *taxa* of the genus *Ramaria* with chorological relevance are presented. A complete description of *Laurobasidium lauri* (Brot.: Fr.) Jülich is also presented.

**Keywords:** *Basidiomycota*, *Laurobasidium*, *Ramaria*, Galicia, chorology.

**INTRODUCCIÓN**

Existen poucas referencias bibliográficas galegas tanto do xénero *Ramaria* como da especie *Laurobasidium lauri* (Brot.: Fr.) Jülich. *Ramaria* Fr. ex Bonord (*Basidiomycota*, *Polyporales*, *Ramariaceae*) é un xénero que conta con moi poucas especies citadas para Galicia. Neste traballo descríbense micro e macroscopicamente tres *taxa*, representando unha delas, *R. flavescens*, unha primeira cita para Galicia.

Por outra banda, *Laurobasidium lauri* (Brot.: Fr.) Jülich é un fungo cun hábitat tan específico coma peculiar, o loureiro (*Laurus nobilis* L.), árbore perennifolia da familia *Lauraceae* e moi popular sobre todo no medio

---

\*R/ Coruña nº12, Salceda de Caselas E-36470-Pontevedra. e-mail: oscarrequejo@hotmail.com. Membro do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire.

gastronómico. Pertencente a orde *Exobasidiales* e a familia *Exobasidiaceae*, o antigo *Exobasidium lauri* Geyler, foi incluído en 1982 por Jülich no xénero *Laurobasidium*, xénero con especies que se hospedan nesta familia de árbores.

### METODOLOXÍA

A observación macroscópica e toma de caracteres organolépticos fixéronse seguindo as técnicas habituais, foi efectuada co material en fresco excepto *R. formosa* e *R. stricta* que o ser tomados dunha exposición micolóxica xa levaban uns días apañados. No caso de *Laurobasidium lauri* tomáronse ademais fotografías “in situ” e posteriormente foi secado ó ar xa que se contaba cunha temperatura apropiada.

Finalmente levouse a cabo a revisión e estudo microscópico, cun microscopio óptico con obxetivos de 40x e 100x e oculares de 10x un provisto de micrómetro co que se efectuaron as medicións. As mostras preparáronse con vermello congo, KOH (10%), e reactivo Melzer na procura da reacción amiloide, anotando as características máis significativas e retratando distintas estruturas, axudándonos da cámara clara do microscopio. Tamén foi de gran utilidade o uso de reactivos químicos coma o sulfato ferroso.

A metodoloxía usada para o estudo micro e macroscópico do xénero *Ramaria* está baseada nos traballos de BREINTENBACH et KRÄNZLIN (1986), CETTO (1987), nas monografías de CORNER (1950) e FRANCHI et MARCHETTI (2001). Para o estudo da especie *Laurobasidium lauri* empregáronse os traballos de JÜLICH (1989), CASTRO et FREIRE (1991), MARCOTE et al. (2003), e MORENO et al. (1986). Tamén se utilizaron traballos de apoio como o de ULLOA et HANLIN (2002) e os autores foron abreviados seguindo a obra editada por BRUMMIT et POWELL (1992).

### CATÁLOGO DE ESPECIES

Os taxa estudados preséntanse por orde alfabética e deles indícanse a localidade, coordenadas UTM, altitude a nivel do mar, data de recolección, e o número de herbario da micoteca LOU-Fungi, o hábitat non foi posible precisalo en *R. formosa* e *R. stricta* por descoñecerse o apañador.

***Laurobasidium lauri* (Brot.: Fr.) Jülich, Göteb. Svampk. Ars., 1(1): 118. 1980**  
= *Clavaria lauri* Brot.: Fr., Syst. Mycol., 1: 486. 1821

PONTEVEDRA: Salvaterra de Miño, 29TNG4159, sobre *Laurus nobilis*, 15-IV-2007, leg.: O.Requejo, LOU-Fungi 19605.

Distínguense tres estados de crecemento: No estado xoven, presenta unhas agallas que asemellan os corazóns das noces, tanto na forma coma na

cor. No estado adulto as agallas xa máis longas e irregularmente cilíndricas retórcense e incluso se entrelazan entre si, ata acadar de 9-10 cm de longo e ata 1,5 cm de ancho no ápice. De cor verdosa con moitas pencas pardas e carne con reflexos verde oliva. Finalmente xa na última fase recóbrese dunha pruina branca para despois tomar unha cor grisácea, casi negra, comezar a enrugarse e adquirir textura leñosa, secando na árbore. Todo este proceso de crecemento dura varios meses.

Carne con sabor moi agrio, cheiro moi lixeiro deixando un recordo a *Laurus nobilis*, máis notable cando está deshidratada.

A trama dispón unha estrutura entrelazada, formando debuxos que recordan a unha rede.

Na pelis obsérvase un sistema hifal monomítico de tipo himeniforme, atópanse hifas tabicadas con abundante presenza de fíbulas.

Esporas de 10,6-18,4 x 3,1-8,1  $\mu\text{m}$  e  $Q_m = 2,7$  con formas moi variables, de fusiformes a citriformes, tabicadas, hialinas e non amiloides.

Basidios rectos, varia moi pouco o ancho da base ó ápice, tetra e bispóricos de 61 x 6,4  $\mu\text{m}$ , con esterigmas de 5,6 x 2  $\mu\text{m}$ .

**Observacións:** Exemplares recollidos sobre *Laurus nobilis*, a 3 m de altura, nun paseo na ribeira do río Miño, onde se poden observar varias árbores da mesma especie, todas elas bastante adultas, tamén parasitadas, con fructificacións a distintas alturas do tronco.

Este fungo considerado de clima mediterránea xa conta con algunhas aparicións en Galicia. Trátase dunha 3ª cita provincial (CASTRO et FREIRE, 1991: 99, 1992: 85). Este taxón, aínda que pouco frecuente é moi espectacular donde sae e a pesar das mencionadas preferencias climáticas, xa se citou nas catro provincias galegas, en Coruña e Lugo por CASTRO et FREIRE (1991: 99, 1992: 85) en Ourense por CASTRO (2004: 88).


***Ramaria flavescens* (Schaeff.) R.A.Petersen, Am. J. Bot., 61(7): 740. 1974**

PONTEVEDRA: Salceda de Caselas, Parderrubias, 29TNG3657, bosque mixto de *Pinus pinaster*, *Quercus robur* e *Eucalyptus globulus*. 20-X-2007, leg.: O.Requejo, LOU-Fungi 19604.

Carpóforo coraliforme, de 8 cm de alto por 10 cm de ancho formado por varias ramas grosas que saen do mesmo pé e se van ramificando ata que ó final quedan unhas ramiñas de entre 1 e 2 mm, con angulacións variables en V e U. De cor branca na base do pé, vai tomando tons rosados nas primeiras ramificacións, despois amarelo cun matiz máis vivo nas puntas, na madurez toma unha cor crema máis uniforme por todo o cogomelo.

Esporas entre fusiformes e globosas, apiculadas e verrucosas, gutuladas, de 7,2-8,8 (12,2) x 4-4,8  $\mu\text{m}$  e  $Q_m = 1,9$ . Sistema hifal monomítico, presenta fíbulas, con ensanchamentos cerca dos tabiques. Basidios tetraspóricos, fibulados.

**Observacións:** macromiceto non citado anteriormente para Galicia.




***Ramaria formosa*. (Pers.) Quéll., *Fl. mycol. France*: 466. 1888**

PONTEVEDRA: Salceda de Caselas, Entienza, 29TNG3657, 80 m. Descóñese o apañador, LOU-Fungi 19602.

Longas e grosas ramificacións de ata 9 x 0,75 cm, cor rosa asalmonada, que saen dun pé de cor branqueciña e que se volven a ramificar varias veces ata terminar en puntas de cor amarela, que se volven rosa salmón na madurez. Carne branca, sabor algo amargo, reacción gris verdosa con sulfato ferroso na cutícula, inmutable na carne.

Esporas ovoides, elipsoides, con verrugas conectadas parcialmente, gutuladas, hialinas e non amiloides, de 9,6-14,4 x 4,4-5,6  $\mu\text{m}$  e  $Q_m = 2,1$ . Sistema hifal monomítico, con fíbulas; basidios tetraspóricos, septados, con presenza de fíbulas.

**Observacións:** segunda cita para Pontevedra e terceira para Galicia (PANDO, 2002; MARCOTE *et al.*, 2003: 85).




***Ramaria stricta* (Fr.) Quél., Fl. mycol. France: 464. 1888**

PONTEVEDRA: Salceda de Caselas, Entienza, 29TNG3657, 80 m. Descubriéndose o recolector, LOU-Fungi 19603.

Corpo frutífero de 6 a 9 cm de longo, e 4 ou 5 cm de ancho, cor amarela ocre que oxida ó roce, ramificacións paralelas que saen dun pé recuberto de micelio con restos de madeira, ditas ramificacións volven dividirse formando un U ata rematar en puntas máis ou menos redondeadas. Cheiro doce semi anisado, con sulfato ferroso torna a verde escuro.

Esporada alaranxada. Esporas de 6,4-8,8 x 4-5,6 µm e  $Q_m = 1,8$ , cilíndricas, moi pouco verrucosas, case lisas e non amiloides; basidios tetraspóricos fibulados.

**Observacións:** taxón amplamente citado para Galicia (SOLIÑO et CASTRO, 2005).



**AGRADECIMENTOS**

Quero agradecer a Asociación Xuvenil A Turonia de Entienza, Salceda de Caselas, por cederme o material da súa exposición da “Festa do cogumelo 06”. A Alfredo Justo, por estar sempre disposto a botarme unha man, a Marisa e a todo o G.M.G. en xeral.

**BIBLIOGRAFÍA**

BREINTENBACH, J. et KRÄNZLIN, F. 1986. *Champignons de Suisse. Tome II. Champignons sans lames*. Ed. Mykologia. Lucerne.  
 BRUMMITT, R.K. et POWELL, C.E. (eds.). 1992. *Authors of plants names*. Royal Botanic Gardens. Kew, U.K.  
 CASTRO, M.L. 2004. Algunhas novidades corolóxicas de macrobasidiomicetos recolectados en Galicia (N.O. da Península Ibérica). *Mykes* 7: 87-90.



*Laurobasidium lauri*

CASTRO, M.L. et FREIRE, L. 1991. *Laurobasidium lauri* (Geyler) Jülich. Especie mediterránea en Galicia (N.O. de la Península Ibérica). *Munibe* 43: 99-101.

CASTRO, M.L. et FREIRE, L. 1992. Fragmenta chorologica occidentalia, Fungi, 3934. *Anales Jard. Bot. Madrid* 50(1): 85.

CETTO, B. 1987. *Guía de los hongos de Europa. Vol. I*. Ediciones Omega, S.A. Barcelona.

CORNER, E.J.H. 1950. *A monograph of Clavaria and allied genera*. Oxford University Press. London.

FRANCHI, P. et MARCHETTI, M. 2001. *Introduzione allo studio del genere Ramaria in Europa. Fungi non delineati. Pars XVI: 1-104*. Libreria Mykoflora. Alassio (SV).

JÜLICH, W. 1989. *Guida alla determinazione dei funghi. Vol. 2. Aphyllophorales, Heterobasidiomycetes, Gasteromycetes*. Ed. Arte Grafiche Saturnia. Trento.

MARCOTE, J.M.C., POSE, M. et TRABA, J.M. 2003. *Cogomelos de Galicia*. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Xunta de Galicia.

MORENO, G., GARCÍA MANJÓN, J.L. et ZUGAZA, A. 1986. *La guía de Incafo de los hongos de la Península Ibérica*, 2 vol. Incafo. Madrid.

SOLIÑO, A. et CASTRO, M.L. 2005. Coroloxía e fenoloxía dos macromicetes galegos: modelo dun sistema informático de información. *Mykes* 8: 7-22.

PANDO, F. 2002. *Bases de datos en línea de las colecciones de criptógamas del herbario MA*. <http://www.rjb.csic.es/herbario/crypto/crydbe.htm>

ULLOA, M. et HANLIN R.T. 2002. *Illustrated Dictionary of Mycology*. Third printing, APS Press. St. Paul, Minesota, U.S.A.